



Respecto ao traballo das representantes ecoloxistas nos órganos de representación

Coidemos a quen coida. Defendamos a quen defende.

Redactamos este escrito dende a FEG a conta dalgúns feitos e comentarios que veñen sucedendo nos últimos meses. Non pretende ser un texto para polemizar con ninguén, nin para dar ou quitar razóns. Cada persoa e colectivo ten dereito a facer valer a súa postura e estratexia ou a mostrar críticas cara a doutras persoas ou colectivos. Iso forma parte do normal, mesmo cando poidan darse certos conflitos froito da diferenza de criterio ou por outras cuestións. Os conflitos son parte da vida e teñen tamén moito de positivo. Medramos a través dos conflitos, con eles revisamos crenzas, dinámicas, prácticas, etc.

Porén, é bo distinguir o que de positivo hai no conflito con cuestións que poden levar a cronificalo, desvialo do seu verdadeiro ámbito ou dirixilo cara o persoal e emocional. Somos persoas feitas de emocións, por suposto isto está sempre aí e é necesario non perdelo de vista, pero levar as diferenzas a eses terreos é iniciar un camiño que non ten saída. O importante, ao contrario, é recoñecer primeiro que falamos dende nós como persoas, que temos emocións, da mesma maneira que as teñen todas as partes que poden estar en desacordo nun momento dado. Pero non para empregar isto como espazo de controversia, senón porque recoñecer esta vulnerabilidade tamén pode axudar a gañar maior empatía e reducir a compoñente de ataque que pode existir en toda situación de este tipo. Hoxe, co impacto que están a ter as redes sociais nas formas de comunicación, parece máis necesario non perder de vista todo isto.

A FEG ten xa máis de trinta anos de existencia (quen teña interese pode ler [aquí](#) un artigo sobre a historia do ecoloxismo galego). En todo este tempo, como é normal, hai moitas cousas que se fixeron ben por parte dos colectivos e persoas que pertencemos á federación, pero seguro que tamén erros e cuestións que se poderían ter realizado doutro modo. Sexa como for, creemos importante defender que sempre se actuou coa mellor das intencións, dende os principios ecoloxistas e a entrega persoal que esixe a participación deste tipo de causas. É moi inxusto que as dúbidas que poidan xurdir hoxe en torno a certos órganos de representación se trasladen a ataques persoais ou se xeren ruxe-ruxes sobre a labor da federación e as súas persoas e colectivos.

Nós tamén partillamos algunhas críticas ao funcionamento dos órganos de representación, para comezar a pouca relevancia que se lle dá a este tipo de espazos dende a Administración, que emprega moitos deles para facerse un lavado verde sen crer en absoluto no dereito da sociedade a unha participación efectiva en materia

ambiental. Pero non se trata aquí de falarmos das posturas e visións, senón de pedir que non se trasladen posíbeis diverxencias ao terreo persoal ou á crítica destrutiva contra colectivos que no fondo estamos a deixar moito esforzo, moitas horas das vidas de moita xente na defensa da nosa natureza. Mellor ou peor feito, iso vai no criterio de cada quen, pero non está ben negar ou obviar ese traballo realizado, porque detrás están multitude de persoas. Ao contrario, mesmo que poidan darse desacordos sería bo non esquecermonos da importancia de dar valor e agradecer. Porque demasiadas veces só facemos isto con quen xa non está ou con quen dende certas instancias nos din que temos que recoñecer.

O ecoloxismo galego ten a moitas persoas que celebrar, algunhas levan anos no activismo, outras se cadra non tanto, pero todas merecen ese recoñecemento. Como somos un ámbito laico, recoñecer non implica ningunha adhesión ou identificación total, ao contrario, dende a diferenza ten máis valor. Por desgraza este é un terreo no que moitas veces movémonos no negativo, na resistencia a certas agresións ao medio, na urxencia ante certos proxectos ou a ameaza a certas especies. Temos moi pouco tempo para celebrar e iso xera moito abafo nas persoas activistas. Por iso toda esta cuestión do recoñecemento e do coidado é tan relevante. Porque se non partimos de aí, de onde facelo entón? Nese sentido queremos rescatar o propio lema da FEG, que está na súa esencia, o do apoio mutuo como forma de relación dentro do ecoloxismo.

Coidemos a quen coida. Defendamos a quen defende.